





# FERVENZA DE SANTO PAIO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 500 m  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 30 minutos



En Santo Paio de Abaixo, Reboareda (Redondela). Antes de entrar en Redondela, o río Alvedosa atravesará a parroquia de Reboareda onde se localizan varios grandes muíños hoxe adicados á hostelería. Xusto debaixo do Muíño Vello atópase este salto de case 10 metros de altura que salva un penedo granítico, formando unha poza a sombra dunha enorme abelaira.

**COMO CHEGAR:** na saída da estrada de Redondela a Pazos de Borbén, a 250 metros do casco urbano un camiño asfaltado baixa á dereita, xusto antes da nave dun supermercado e debaixo do viaduto do AVE. Para achegarse á fervenza pódese ir polas leiras da marxe dereita ou cruzar a ponte e seguir un carreiro ata unha casa que se rodea pola beira do río.

Outra opción é coller o desvío á dereita despois de pasar o supermercado aparcar o coche. Crúzase o río e no primeiro cruce cóllese á dereita e logo outra vez á dereita ata achegarse ao río.

